

Apoloxía da humanidade

O presidente do Tribunal Supremo retratou no Colexio Maior Arosa o momento que está a vivir a Xustiza.

23-12-2010

«Os xuíces en España son bos, competentes e profesionais, pero non poden máis». Así expresábase onte no Colexio Maior Arosa o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, Carlos Dívar, que puxo o exemplo de que, como

media, un xuíz de Madrid ten que abordar uns 8.000 casos anuais.

Na parte da súa conferencia dedicada á situación da Xustiza hoxe, e ante un auditorio maioritariamente formado por estudantes universitarios, Dívar dixo que existen leis obsoletas e que os medios materiais e humanos son insuficientes. «Poñer ao día estas leis, non obstante -matizou- non é doado, porque ao tratar de ordenar unha parte do razoamento xurídico, se pode prexudicar a outra».

O presidente do TS avogou por «novas leis e novos procedementos» e mostrou a súa confianza en que funcione o plan de modernización que está a levar a cabo o Consello Xeral do Poder Xudicial. Na primeira parte da súa intervención falou dunha crise «que pasa moi lentamente e que é consecuencia de todas: a dos valores, a do espírito, a

da indiferenza entre o subxectivo e o obxectivo». A xeito de retrato ante os mozos das condicións que debe reunir un xuíz, o conferenciante sinalou a sabedoría, a orde e a razón. E parafraseou a Xacinto Benavente ao afirmar que, cando á Xustiza non se senta no seu sitio, moitas veces o odio e a vinganza ocupan o seu lugar.

División de poderes

Apelando á súa experiencia persoal de 42 anos como xuíz, incidiu na «humanidade» que ten que ter a Xustiza, «os xuíces temos que ser humanos e iso tamén significa sufrir e chorar». Para Carlos Dívar, o Estado de Dereito require indefectiblemente unha clara división de poderes que, non obstante, dixo «na práctica, non é posible». O presidente indicou que, dun ou outro xeito, «inflúese porque os xuíces son custodios da norma, non autores das leis», se ben a liña

seguida foi categórico ao afirmar que os xuíces administran Xustiza «coas leis que lles gustan e coas que non». Defendeu ademais unha interrelación entre os tres poderes, se ben quixo deixar claro que «a colaboración non é o mesmo que a subordinación». Percibir con claridade e exactitude, xulgar con verdade e discorrer con rigor son, segundo o presidente, tres dotes que debe ter un pensador, tamén un profesional.

Cando, dende o auditorio, se lle formulou a Dívar cál debería de ser a actitude dun xuíz ante leis «manifestamente inxustas», o presidente respondeu que o xuíz debe mirar á Lei e mirar á súa conciencia. «Se houberese conflito entre Lei e conciencia, procuraríame marcharme e, se non podo aplicar unha lei con conciencia, deixariállo/llelo a outro». E engadiu: «Un xuíz ten que ter en conta o ordenamento

xurídico, gústelle ou non; se non pode, que o deixe».

Lonxe de ver un problema nas posibles «inxerencias» do poder Ejecutivo no Judicial, Carlos Dívar sinalou, baseándose na súa experiencia, «que a interferencia máis importante que temos non é a do poder Executivo, senón a dos medios de comunicación».

La Voz de Galicia

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/apoloxia-da-humanidade/](https://opusdei.org/gl-es/article/apoloxia-da-humanidade/)
(22-02-2026)